

The background of the top half of the page is a solid blue color. Overlaid on this is a faint, light blue graphic of a hand with the index finger pointing upwards. A network diagram consisting of several circular nodes connected by thin lines is also overlaid, with one node positioned directly above the hand's index finger. The text 'PLAN DIXITAL' is centered in white, bold, uppercase letters across the middle of the blue area.

PLAN DIXITAL

CEE A Barcia

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. *Datos básicos do centro*
- 1.2. *Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro*
- 1.3. *Breve xustificación do mesmo*
- 1.4. *Proceso de elaboración*

2. Situación de partida

- 2.1. *Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais*
- 2.2. *Fontes empregadas para a análise DAFO*
- 2.3. *Análise DAFO*

3. Plan de Acción

- 3.1. *Obxectivos, indicadores e accións*
- 3.2. *Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas*

4. Avaliación do PD

- 4.1. *Seguimento do Plan de Acción*
- 4.2. *Propostas de mellora (revisión)*

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CEE a Barcia está situado no lugar A Barcia, 79 da localidade de Laraño (ao sur de Santiago de Compostela) e atende alumnado, con idades comprendidas entre os 3 e os 21 anos, da bisbarra da cidade así como alumnado procedente de diversas zonas (Vilagarcía, Negreira, Santa Comba, Vila de Cruces, Lalín, ...).

Na actualidade o recinto conta con 39 alumnos/as que presentan necesidades específicas de apoio educativo, tódolos diagnosticados/as con diferentes patoloxías: TXD, parálise cerebral, deficiencia mental, síndromes diversos,... cun baixo nivel de comprensión e, en moitos casos precisan da utilización de Sistemas Alternativos/ou Aumentativos da Comunicación.

O centro oferta réxime de internado de luns a venres para aquel alumnado que o precise. A institución conta con persoal de diversas categorías profesionais (19 mestres, educadores, coidadores, médico, DUE, administrativa, conserxes, persoal de cociña, servizo de limpeza,..).

O colexio estrutúrase en tres etapas que en certo modo reflexa unha Educación Infantil, unha ensinanza Obrigatoria Básica e unha Transición a Vida Adulta.

Para contactar coa entidade tamén se pode visitar a súa páxina web:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceebarcia/> ou utilizar o seguinte enderezo: cee.barcia@edu.xunta.gal

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEE A Barcia ten escolarizados neste curso académico 39 alumnos/as todos/as eles/as con necesidades específicas de apoio educativo.

Polas súas características agrúpanse en 3 grupos bastante diferenciados:

Grupo 1: alumnado con plurideficiencias con graves problemas físicos e de saúde, a súa interacción co medio é moi precaria e precisan dunha atención educativa moi específica, enfocada á mellora da súa calidade de vida, ao establecemento de vínculos afectivos e á estimulación cognitiva e multisensorial en tódalas súas vertentes.

Grupo 2: Alumnado con trastornos do desenvolvemento e deficiencia mental severa, que precisan dun ambiente estruturado marcado polas rutinas diarias, a anticipación de actividades, o desenvolvemento da intencionalidade comunicativa e emocional.

Grupo 3: Alumnado con deficiencia media, que algúns comparten con deficiencias motoras ou visuais. Alumnos/as iniciados con maior o menor éxito á lectoescritura. Presentan linguaxe oral e unha estruturación espazo temporal boa. Alumnado no que se potencian as aprendizaxes o máis funcionais posible de cara a dotalos dunha maior e mellor autonomía persoal.

A maioría deste alumnado procede da zona da bisbarra de Santiago, pero tamén temos escolarizados alumnos/as de diferentes puntos da Comunidade Galega (provincias de Pontevedra e Coruña) así como alumnado procedente doutras Comunidades ou países, que teñen fixada a súa residencia en Galicia por motivos de traballo, reagrupamentos familiares (retornados) ou por acudir a nosa Comunidade para diferentes terapias ou tratamentos médicos.

O nivel socio- económico é medio e medio- baixo.

A súa implicación na vida do centro e o proceso educativo dos seus fillos/as é bastante fluctuante, indo dende a colaboración total ata o desinterese polas actividades, programas ou metodoloxías empregadas.

En canto ao profesorado sinalar que é un colectivo moi implicado e cohesionado, aínda que en moitas ocasións se sinte frustrado ao observar progresos moi lentos (pero de gran importancia na calidade de vida do alumnado) no proceso educativo, ás veces hai a sensación de faltar mans ao ter que atender a máis dun alumno á vez (aínda que a ratio por aula é a marcada pola lexislación ou menos nalgúns aulas).

Ademais da súa habitual e ardua tarefa educativa, o profesorado tamén ten que planificar o seu traballo en función das continuas entradas e saídas do alumnado da aula, alumnado que se beneficia de diversos servizos como (Multisensorial, Audición e Linguaxe, Fisioterapia, atención médica ante unha urxencia...) e especialidades (Educación Física, Educación Musical e Relixión).

Nesta contextualización temos que destacar a diversidade de categorías laborais (servizo médico, conserxes, educadores, coidadoras, fisioterapeutas, persoal de limpeza, etc.) que navegan nunha ampla e complicada planificación horaria e unha falta de lexislación máis concreta e específica para este sector.

De cara a potenciar unha educación de calidade, o centro aposta pola colaboración con diversas entidades e Servizos Sociais de varios concellos, psiquiatras, neurólogos, EOE, facultade de Ciencias da Educación, Psicoloxía e Pedagogía, Atención temperá, CIFP Compostela, ONCE, Down Compostela, etc.

O Plan Dixital contribúe e se incardina perfectamente na traxectoria educativa e innovadora do noso centro, é un Plan que nace en consonancia cos outros documentos institucionais, e ven a complementalos. O centro caracterízase por contar con profesionais que se decantan a favor da calidade e a innovación, polo traballo colaborativo.

O Plan Dixital tamén está en consoancia cos obxectivos e tarefas marcadas no Plan de actuación do Equipo Directivo, no cal se propón fomentar o uso das TICs por medio da "elaboración dun Plan dixital" do centro. No eixo da dixitalización neste documento, tamén se marca a "Colaboración co Equipo TICs" no inventario de recursos tecnolóxicos, colaboración tamén para establecer un plan de renovación destes recursos, fomentar a formación na competencia dixital, e facer o centro máis accesible mediante diferentes formas de comunicación.

O Plan Dixital aparece como un obxectivo dentro da programación do Equipo TICs, adxunta na Programación Xeral Anual.

Contribución do PD á programación Xeral Anual do curso 22/23.

De forma xenérica, e tal e como se sinala na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital, este documento nace coa idea de mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e, sobre todo, o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado. Para facer realidade este obxectivo xeral o PD debe guiar unha Programación Xeral que facilite a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos, que optimice a xestión dos recursos materiais e que promova a formación en competencia dixital da comunidade educativa.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, establece no seu Artigo 121 que o proxecto educativo do centro recollera, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, artigo que sinala que a Administración e os equipos directivos deben promover o uso das tecnoloxías da información e a comunicación nas aulas para tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado.

No Artigo 132 da mesma Lei se sinala, dentro das competencias da direccional dos centros, a de promover a innovación e experimentación con novos métodos de ensino encamiñados a acadar os obxectivos propostos no PEC.

Na Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 se sinala que os centros docentes elaboraran no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten. Finalmente na resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 se establecen as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia, así como definir os principios, obxectivos e referentes que o deben guiar.

Defínense o proceso de redacción, a temporalización, o sistema de coordinación e determínanse os recursos que se van empregar neste proceso.

1.4. Proceso de elaboración

Para elaborar o PD do centro, dentro del Equipo TIC, partimos do estudio da proposta/guía publicada polo "Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas y de Formación del Profesorado (INTEF):" <https://intef.es/wp-content/uploads/2020/07/02-Gu%C3%ADa-Plan-Digital-de-Centro-INTEF.pdf>

A partir desta guía elaboramos unha planificación (un horario de traballo semanal e un espazo virtual onde ir depositando as achegas) e empezamos a investigar sobre test contextualizados para avaliar a competencia dixital do profesorado.

Nesta fase de elaboración publicouse a Resolución do 3 de setembro de 2021 e nomeouse, por parte da administración, e nomeouse a persoa mentora encargada de guiar ao centro no deseño, elaboración e implementación do PD.

A raíz desta Resolución formouse un equipo e un coordinador que seguiron os pasos indicados na Resolución do 3 de setembro: Análise da situación do centro por medio da ferramenta SELFIE, e do Test de Competencia Dixital Docente. A partir desta diagnose elaborouse un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) e plantexáronse os obxectivos.

De xeito paralelo o Equipo participou nun Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) asociado ao Plan Dixital.

Finalmente a Coordinación redactou o presente documento partindo da contextualización do centro e dos datos recabados.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro ten unha liña de Fibra FTTH_1G_1G, con velocidade de 1G simétrico, é dicir, 1G tanto de subida como de descarga. Con unha liña de backup de Fibra de 500M_500M.

O Centro conta con teléfono fixo en todas as aulas e con ordenadores con unha conexión por fíos. Canóns no salón de actos, sala de profesorado, biblioteca, ximnasio e nas aulas de titorías.

EDI en espazos compartidos (a excepción do ximnasio, salón de xogos e ludoteca) e nas aulas de titoría. Ordenadores e portátiles conectados a rede Wifi a disposición de todo o profesorado.

Conta con varios armarios:

O principal, Armario de chan de 42U. localizado na sala de cadros eléctricos, Armario que conta con un rack normalizado para a electrónica en formato 19".

Constan dos seguintes accesorios:

- 1 Regreta eléctrica
- Varios suxeita cables
- latiguillos con cables UTP e os conectores rj- 45
- E equipos de electrónica de rede:
- Un Switch administrable Ruckus ICX7150-C12P (1).
- Router Teldat-M, router modular compacto para servizos IMIX 600Mbps, con switch, 3G/4G/4G+y slot (2)
- Un Panel pasacables para rack de 19 (3)
- Un Switch de rede xestionado de 24 portos, Brocade ICX 6450 (4).
- Un Panel pasafíos para rack de 19 (5)
- Un panel de parcheo de categoría 6a, 24 portos rj45 (6)
- Un módulo de Alimentación eléctrica AC/DC 48 V (7).
- Un conmutador da marca Nokia 9500 mpr (8).
- Un panel de parcheo de categoría 6a, 24 portos rj45 (9)

Un armario de parede situado na mesma instancia, ao carón do armario de chan. Armario de 19" e de 9U. Consta de:

- Un Panel de parcheo con guía cables, que recibe todos os cables procedentes das diversas dependencias do centro. (1e 2)
- Outro Panel de parcheo con guía cables (3)
- Dous conmutadores, Switchs xestionados e homologados, da marca D-link (DGS- 1210-28/ME), que por medio duns cables con extremos RJ45, conectan co panel e dirixe o tráfico das distintas redes (4 e 6).
- Un router, Cisco 800 Series, modelo Cisco 870 (5).
- Unha regreta eléctrica
- Un Router "wireless" da marca TP-link, modelo TL-WR542G (7).

Armario da Aula 6.

- Rack 2 de 6U que consta de:
- Un Panel de parcheo.
- Un Panel guía cables.
- Conmutador da marca D-link (dgs-1224t). N/S: 1CBDB9D74422

Armario da Aula 11.

Rack 3 de 4U:

- Un Panel de parcheo.
- Un Panel suxeita cables para rack de 19
- Un Hub D-link de-816TP 10 BASE-T

Datos técnicos das aulas:

As aulas contan cunha conexión de datos e eléctrica composta por dúas tomas de datos RJ45 e catro ou mais tomas eléctricas (no mesmo posto de datos das tomas de rede) protexidas e derivadas de circuítos dedicados por poucas aulas.

Tanto os cables de datos como os da electricidade ban moi separados e ocultos en bandexas independentes ou no falso teito, fora do alcance dos nenos/as.

O cabreado e de tipo par trenzado e de unha marca de calidade, as conexións seguen a norma 568-B dende a súa saída do armario central ao seu destino en cada aula.

As caixas porta rosetas son de plástico reforzado.

Inventario dos puntos e datos da rede:

REDE DO CENTRO					
PUNTO WIFI	ROSETA	ROSETAS EQUIPOS FIJOS		UBICACIÓN	
ED1SP88_40	01/003B01			AL 1	
	01/004B01			AL 2	
ED1SP88_44	02/009B02	D001	D002	AULA 01	L.E.001
NON TEN	NON TEN	D003	D004	AULA 02	L.E.001
ED1SP88_30	02/010B01	D005	D006	AULA 03	L.E.002
ED1SP88_31	02/011B01	D007	D008	AULA 04	L.E.002
ED1SP88_45	02/012B01	D09	D010	AULA 05	L.E.005
ED1SP88_34		D011	D012	AULA 07	L.E.003
ED1SP88_46	01/006B01	D015	D016	AULA 09	L.E.004
ED1SP88_47	01/007B01	D017	D018	AULA 10	L.E.004
ED1SP88_25	01/008B01	D019	D020	AULA 11	L.E.005
NON TEN	NON TEN	D021	D022	AULA 12	L.E.005
ED1SP88_35	00/016B11	SEN ETIQUETAR	NON TEN	BIBLIOTECA	
ED1SP88_43	01/001B01	SEN ETIQUETAR		DIRECCIÓN	
ED1SP88_27		NON TEN	NON TEN	LUDOTECA	
ED1SP88_48	02/014B01	D013	D014	MUSICA	
CNCGM5W011G02480				PSICOMOTRICIDAD	CONNECTION
ED1SP88_24	01/005B01			SALA PROFES	
ED1SP88_29	01/015B01	NON TEN		SALÓN	

AULAS DIXITALIZADAS
Inventario das aulas:

IDENTIFICACIÓN	UBICACIÓN	MARCA	DESCRIPCIÓN	NÚME. SERIE	MODELO
PROXECTOR	AULA 01	OPTOMA	PROXECTOR	Q8TK336AAAAAC0009	
TABLET	AULA 01	SAMSUNG	TABLET ANDROID 16GB	RF2D60HF140	GALAXY TAB2
ORDENADOR	AULA 01	HP COMPAQ	ORDENADOR HP COMPAQ 6005 PRO AMD Phenom	CZC0250ZYH	AT493AV
PDI	AULA 02		TABOLEIRO DIXITAL	L35140145	
PROXECTOR	AULA 02	HITACHI	PROXECTOR	F8EE12353 CP-E	CP-EX302N
TABLET	AULA 02	IPAD	TABLET	DMPSY5Z3HG5F	IPAD AIR 2 - MI
ORDENADOR	AULA 02	LENOVO	ORDENADOR CPU 1005M @1.90GHz 4 GB DE RAM	CV9BFL2	00258-61247-50
ORDENADOR	AULA 03	ACER	ORDENADOR WINDOWS 7 HOME PREM	LXTTX0200801600	TRAVEL MATE
TABLET	AULA 03	SAMSUNG	TABLET GALAXY TAB A7	R9TR10321CJ	Nº SM-T500
PROXECTOR	AULA 03		PROXECTOR		
TABLET	AULA 03	SAMSUNG	TABLET	R52MB0TSKGB	SM-T510
TABLET	AULA 03	SAMSUNG	TABLET	R52MB0TSKFF	SM-T510
PDI	AULA 04	Promethean	TABOLEIRO DIXITAL	C1112280495	ABV378E100 P
PROXECTOR	AULA 04	OPTOMA	PROXECTOR	Q71P605AAAAAC0172	
TABLET	AULA 04	SAMSUNG	TABLET	COMPILACIÓN IMLGT-P5110	
ORDENADOR	AULA 04	DELL	ORDENADOR OPTIPLEX 745 3 GB DE RAM WIND	52VDM2J	OPTIPLEX 745
PDI	AULA 05	LUIDIA	TABOLEIRO DIXITAL	L0205569	
TABLET	AULA 05	SAMSUNG	TABLET 16GB	RF2D60HNB2L	GT-P5110
TABLET	AULA 05	SAMSUNG	TABLET GALAXY TAB A	R52MBOV1N5H	SM-T510
TABLETA GRÁFICA	AULA 05	WACOM	TABLETA DIGITALIZADORA	9KROOU2010679	CTL6100WL
PROXECTOR	AULA 05	VIVITEK	Proyector Vivitek DX281-ST	FDX2817340268	
ORDENADOR	AULA 05	HP COMPAQ	AMD Phenom (II) 3Ghz /2GB / 300HDD	CZC0251029	COMPAQ 6005
PROXECTOR	AULA 06	OPTOMA	PROXECTOR	Q8JB244AAAAAC0	EX605ST
PDI	AULA 06	LUIDIA	TABOLEIRO DIXITAL	E5051136	eBeam edge
ORDENADOR	AULA 06	ACER	TRAVELMATE SPIN B3 SNID:105049694223	NXVN8EB0051050C21E2N00	
TABLET	AULA 06	SAMSUNG	GALAXY TAB A	R52MB0TSN6B	
ORDENADOR	AULA 07	LENOVO	ORDENADOR B590	WB13886246	M/O:WB040114
PDI	AULA 07	LUIDIA	TABOLEIRO DIXITAL	L35140146	
TABLET	AULA 07	SAMSUNG	TABLET ANDROID	RF2D60HNCVE	GALAXY TAB2
PROXECTOR	AULA 07	BENQ		PDE2B00385001	MX511
PROXECTOR	AULA 09	OPTOMA	PROXECTOR	Q8TK332AAAAAC0245	
ORDENADOR	AULA 09	LENOVO	ORDENADOR B590 CPU 1005M @1.90GHz 4 GB DI	WB13886383	M/O:WB040114
ORDENADOR	AULA 09	HP	Intel core i3 3220 3,3Ghz /4 GB/ 500 HDD		Hp 6005 Pro Mi
ORDENADOR	AULA 10	LENOVO	ORDENADOR B590	WB13886284	MO:WB040114
PDI	AULA 10	LUIDIA	TABOLEIRO DIXITAL	L0205567	eBeam projectic
PROXECTOR	AULA 10	OPTOMA	PROXECTOR	Q8TK336AAAAAC1	CN1839
TABLET	AULA 10	SAMSUNG	TABLET	R52M80KQFJH	SM-T510
TABLET	AULA 10	SAMSUNG	TABLET	COMPILACIÓN LM	SM-T533
ORDENADOR	AULA 11	HP	ORDENADOR COMPAG 6005NS 4GB DE RAM WIN	CZC0250ZYT	COMPAG 6005
ORDENADOR	AULA 12	LENOVO	ORDENADOR LENOVO B590 4GB DE RAM WINDO	WB13886610	LENOVO MODI
PDI	AULA 12	IQ	TABOLEIRO DIXITAL		248036
PROXECTOR	AULA 12	EPSON	PROXECTOR	X4YK8700313	H855B
TABLET	AULA 12	SAMSUNG	GALAXY TAB A	R52MB0V1KWP	SM-T510

Inventario de ordenadores:

ORDENADOR	CONSERXERÍA	AMD	ORDENADOR w7profesional 2gbRAM 2Gf00371OEM899267100008
ORDENADOR	ENFERMERÍA	ACER	ORDENADOR TRAVELMATE 8571 LXTTX02008016002B22300
ORDENADOR	SALA PROFES	HP COMPAQ	ORDENADOR 4 GB DE RAM WINDOWS 7CZC0250RRW
ORDENADOR	SALA PROFES	HP	ORDENADOR 4 GB DE RAM WINDOWS 7CZC025102H
ORDENADOR	SALA PROFES	HP	ORDENADOR ELITE DESK 800 G1 SFF MXL4472YP7
ORDENADOR	SALA PROFES	DELL	ORDENADOR OPTIPLEX 745 3 GB DE R,5RGLL2J
ORDENADOR	SALA PROFES	RASPBERRY	Raspberry Pi 3 Model B 2015 0
ORDENADOR	SALÓN DE ACTOS	HP	ORDENADOR HP COMPAQ 6005 PRO AICZC025102R
ORDENADOR	AULA 11	HP	ORDENADOR COMPAG 6005NS 4GB DE CZC0250ZYT
ORDENADOR	AULA 12	LENOVO	ORDENADOR LENOVO B590 4GB DE RAWB13886610
ORDENADOR	BIBLIOTECA	COOLBOX	ORDENADOR INTEL PENTIUM CPU DN ¿00371-OEM-8992671-00524 V
ORDENADOR	FISIOTERAPIA	HP	ORDENADOR AT493AV CZC025103H
ORDENADOR	INTERNADO	DELL	ORDENADOR 8SGLL2J
ORDENADOR	MÉDICO	HP	ORDENADOR HP PRODESK 600 G1 SFF 2UA41118S6
ORDENADOR	MÉDICO	DELL	ORDENADOR OPTIPLEX 745 DSGLL2J
ORDENADOR	MÚSICA	HP	ORDENADOR PRODESK 600 G1 SFF CZC5472YML
ORDENADOR	MÚSICA	ACER	ORDENADOR CPU COMPAC 93901150342
ORDENADOR	ALMACENADO	COMPAC	ORDENADOR CPU COMPAC C7X003GYT7
ORDENADOR	AULA 01	ACER	ORDENADOR HP COMPAQ 6005 PRO AICZC0250ZYH
ORDENADOR	SECRETARÍA	AMD	ORDENADOR AMD Phenom II X2 B55 3.000371OEM899267100524
ORDENADOR	AULA 05	HP COMPAQ	AMD Phenom (II) 3Ghz /2GB / 300HDD CZC0251029
ORDENADOR	AULA 09	HP	Intel core i3 3220 3,3Ghz /4 GB/ 500 HDD 0
ORDENADOR	DIRECCIÓN	PRIMUM	PRIMUM IOXBOOK ULTRASLIM 4GB RAMPT140305201860
ORDENADOR	ALMACENADO	DELL	ORDENADOR OPTIPLEX 745 3 GB DE R,9RGLL2J
ORDENADOR	ALMACENADO	ACER	0 LXA550523351801706EM00
ORDENADOR	AULA 06	ACER	TRAVELMATE SPIN B3 SNID:105049694 NXVN8EB0051050C21E2N00
ORDENADOR	ALMACENADO	IBM	0 WCJS-M99-FAZAH04-12
ORDENADOR	SALÓN DE ACTOS	HP	0 SCD1454VCD

Equipamento na sala do profesorado

ID	Ubicación	Marca	Descrición	NúmSerie
IMPRESORA	SALA PROFES	HP	IMPRESORA HP Color Laser MFP 178nw	CNDP?C9301564CB7K0N460
IMPRESORA	SALA PROFES	HP	IMPRESORA HPDESKJET 920C	HU17Q6Q1WC
ORDENADOR	SALA PROFES	HP COMPAQ	ORDENADOR 4 GB DE RAM WINDOWS	¿CZC0250RRW
ORDENADOR	SALA PROFES	HP	ORDENADOR 4 GB DE RAM WINDOWS	¿CZC025102H
ORDENADOR	SALA PROFES	HP	ORDENADOR ELITE DESK 800 G1 SFF	MXL4472YP7
ORDENADOR	SALA PROFES	DELL	ORDENADOR OPTIPLEX 745 3 GB DE R	¿5RGLL2J
ORDENADOR	SALA PROFES	RASPBERRY	Raspberry Pi 3 Model B 2015	0
SCANNER	SALA PROFES	EPSON	SCANNER EPSON	GAUV045485
PROXECTOR	SALA PROFES	EPSON	PROXECTOR EB-W04	WDFK7300712

- Servizos dixitais educativos: O centro traballa con servizos corporativos e non corporativos. Para completar tarefas de aula e para que as familias poidan coñecer a temática que se traballa na aula utilizamos a Aula Virtual (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceebarcia/aulavirtual/>), pero dela non se benefician moitos nenos/as, xa que tan só nunha aula os nenos teñen lectura. A AV tamén se utiliza para xestións docentes e formación do profesorado. O Centro tamén utiliza moito un servizo non corporativo, un blog (<http://ceebarcia.blogspot.com>) que facilita o achegamento das familias as actividades de aula e, en especial, as de centro. Pero o centro non se pode beneficiar das potencialidades e ventaxas do Abalarmóbil, xa que a estrutura do Xade non é compatible cos centros de educación especial que escolarizan nunha mesma aula nenos/as de diferentes niveis educativos.*
- A xestión do mantemento e equipamento do centro depende da autonomía económica do mesmo, xa que case todo o material informático adquiriuse dentro da partida de Gastos de Funcionamento.*
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC*
Nestes momentos estase creando un Plan de continxencia e un protocolo axeitado para combater a pobreza dixital das familias, pero aínda non contamos cun documento destas categoría aprobado en Claustro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Avaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,5
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	3
	Alumnado	2,5
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,5
	Alumnado	4,2

D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,4
	Profesorado	3,5
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	3,6
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	3,6
	Alumnado	2,6
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,1
	Profesorado	2,6
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,4
	Profesorado	2,4
	Alumnado	2,6

Información aportada polo TestCDD do centro sobre a competencia dixital do profesorado.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>14</u>	<u>15</u>	<u>93,30%</u>
INTERINO	<u>3</u>	<u>4</u>	<u>75,00%</u>
SUBSTITUTO	<u>4</u>	<u>4</u>	<u>100,00%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
68	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	4,8%
A2	9	42,90%
B1	10	47,60%
B2	0	0
C1	1	4,80%
C2	0	0
TOTAL	21	100,10%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. A continuación achegamos un cadro do DAFO creado no seo do Equipo encargado da creación do PDC.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<i>A infraestrutura, os dispositivos dixitais e o acceso a internet son axeitados para o ensino e aprendizaxe. Dispónse de asistencia técnica. O ACNEAE ten acceso as tecnoloxías asistenciais. (C1,C2,C3,C5 e C15)</i>	<i>Equipamento tecnolóxico obsoleto e sen actualizar. Non se conta con protección de datos nin con dispositivos para o alumnado. (C7, C10 e C16)</i>
	PERSOAL DOCENTE	<i>Tense acceso as posibilidades do DPC e reflexionase co ED sobre o ensino e a aprendizaxe coas TIC. Utilízase a tecnoloxía dixital ao colaborar con outras organizacións e nos comunicados. (D2, D1, B2, B3 e E4)</i> <i>Búscanse recursos educativos dixitais e utilízanse recursos abertos na rede. Utilízanse as TIC para adaptar o método de ensinanza as necesidades individuais e para implicar e fomentar a creatividade. (E1, E5, F1, F3 e F4)</i> <i>Coñécense as tecnoloxías da aula e utilízanse con seguridade. (T1 e T2)</i> <i>Compromiso. Se utilizan as tecnoloxías dixitais para mellorar a comunicación coa comunidade educativa e para a colaboración profesional.</i>	<i>Non se facilita tecnoloxía nin datos dixitais o alumnado para que se documente. Non se empregan entornas virtuais nin tecnoloxías para facilitar a colaboración entre o alumnado e a súa participación en proxectos interdisciplinares. (G8, G9, E3 e F6)</i> <i>Falta de tempo para o asesoramento interno. descoñecemento das visitas de estudio. Dende o ED non se promove que o profesorado debata sobre o software mais apropiado para xestionar as comunicacións. Non se utilizan programas acreditados. (S5,S6,S8)</i> <i>Non se utilizan tecnoloxías para proporcionar oportunidades, para favorecer a colaboración e a aprendizaxe autónoma. Tampouco para</i>

		<i>Se utilizan criterios de selección de recursos dixitais que cumpran os obxectivos do ensino-aprendizaxe.</i>	<i>apoiar a avaliación, recoller evidencias da aprendizaxe e para proporcionar retroalimentación. Non se usan as tecnoloxías, contornos virtuais e ferramentas dixitais para garantir a capacitación do alumnado. Tampouco actividades que fortalecen o desenvolvemento da competencia dixital</i>
	ALUMNADO		<i>O alumnado utiliza pouco as tecnoloxías no fogar para tarefas edu. Él non é quen de crear contidos dixitais nin tampouco de resolver problemas técnicos relacionados coas tecnoloxías dixitais. (C10, H7 e H13)</i>
	COMPROMISO PROFESIONAL		<i>Non se xestionan contornos virtuais de aprendizaxe tendo en conta aspectos éticos.</i>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		<i>Estratexia dixital pouco definida. Escaso tempo para explorar a ensinanza dixital e baixas sinerxías para o aprendizaxe mixto. Brecha dixital para identificar novos retos. Non se considera o asesoramento interno. (A1,A4,B4,C11 e C12)</i>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<i>A influencia do debate sobre o uso da tecnoloxía e a colaboración do profesorado nos recursos. Os supositorios ou</i>	<i>Espazos físicos limitados para realizar traballos con TIC As características do alumnado limitan o uso de materiais e</i>

	<i>bibliotecas en liña. (A4,B2,B3. e C16)</i>	<i>recursos tecnolóxicos (C14)</i>
LEXISLACIÓN	<i>Coñécense e respectase as normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso (A5)</i>	
INFRAESTRUTURA	<i>As dotacións económicas por parte da Consellería e os Programas de Innovación Educativa. Conexión de Rede actualizada pola Consellería (P1, P3)</i>	<i>Equipos dixitais insuficientes POR PARTE DA CONSELLERÍA. (P2)</i>
CONTORNA		<i>Poucos dispositivos dixitais e pouca formación familiar. Ausencia de tecnoloxía fora do centro (W5)</i>
PERSOAL DOCENTE		<i>A falta de tempo para a elaboración de materiais adaptados as necesidades do alumnado. (P6 e Q4)</i>
FAMILIAS		<i>Non dispoñen de tecnoloxía para que o alumnado se poida formar. En ocasións os dispositivos no fogar son compartidos.</i>
ANPA		<i>Non funciona, problemas para abordar a fenda dixital. (C11 e C12)</i>
ALUMNADO	<i>Hai dispositivos que os estudantes poden levar a casa se é necesario. O alumnado pode ter o seu propio dispositivo a través do EOE (Alumnos dependentes do uso da tecnoloxía). (C10 e C13)</i>	<i>O 100% son ACNEAE e a maioría dependen do uso das TIC. Pouco uso da tecnoloxía con fins educativos fóra do centro, non teñen axuda na casa co software e as aplicacións. (P8, Q1, W3)</i>

	OUTRAS ENTIDADES	<i>Establécense sinerxías para a docencia mixta. A formación (online e presencial) considérase útil. (B4, S1, e S2)</i>	<i>Non se considera útil a formación en redes profesionais. (S4)</i>
--	------------------	---	--

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar, o noso Plan de Acción se sustenta nuns obxectivos que supoñen unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos do centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Das máis de 25 xuntanzas que se utilizaron para elaborar e traballar sobre PDC, a gran maioría utilizouse para facer un DAFO, recurso no que analizamos os datos do SELFIE e do TCD do profesorado, neste análise se cuestionaron moitos dos resultados dos tests, xa que daban a entender, nalgúns casos, que hai recursos no centro que profesores/as pode ser que non coñezan a súa existencia. Noutros casos parecía que o profesorado non recoñecía como utilizaba os recursos na súas clases e, finalmente, no caso das fortalezas hai cuestións que sí optamos por continuar traballando xa que son fundamentais mantelas permanentemente para evitar que a calidade do ensino mingüe.

Nesta fase de análise tamén consideramos os datos do SELFIE que tiñan valores similares entre grupos de usuarios.

Finalmente destacar que consideramos como áreas fundamentais no DAFO, o análise das debilidades da infraestrutura e da organización do centro.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para poder facer fronte a unha ensinanza de calidade o centro precisa ter as 11 aulas dixitadas con equipos que sexan operativos, que faciliten unha tarefa docente eficaz. O centro ten alumnos/as con NEAE que precisan, en moitos casos, atención inmediata xa que non comprenden os tempos de espera e, en moitos casos, se viven episodios de agresividade debido a falta de axilidade para prender un comunicador, unha tableta ou un ordenador.

Moitos alumnos/as do centro dependen dunha comunicación alternativa e/ou aumentativa, por unha discapacidade que a limita, comunicación que en casos se logra mediante recursos (App) como SymbolTalk, LetMeTalk,... programas que permiten concatenar pictogramas para crear frases.

Por outra banda o centro conta con poucos alumnos/as con lectura operativa, pero nestes casos tamén precisan dunha tableta para poder acceder á Aula Virtual.

Nestes momentos o centro conta cunha vintena de tableta, pero tan só 6 teñen menos de 5 anos e tendo presente o 2º obxectivo deste PDC, necesitaríamos 6 máis para poder acadar o 50% de renovación de material.

En canto aos equipos que permiten dixitalizar as aulas, paneis interactivos ou encerados e proxectores, ordenadores e puntos de rede, o centro conta con estes elementos nas 11 aulas, pero equipos moi antigos, desfasados e que tamén minguan a operatividade do profesorado e a calidade do ensino.

A continuación adxunto unha táboa na que se aprecia que tan só 9 equipos fan posible unha operatividade dixital, co cal precisamos 9 equipos máis para chegar ó 50% de renovación de material (obxectivo marcado no 2º obxectivo do PDC e que tamén faría ter éxito no 1º e 3º obxectivo).

47 equipos – 11 almacenados =36 que se necesitan. O 50% de 36 =18, Como 9 xa son operativos precisamos doutros 9.

Ademais, se observamos a táboa seguinte podemos comprobar que os equipos que se precisan están directamente relacionados co alumnado, xa que das categorías sinaladas a máis afectada é a da capitalización das aulas, que ten 100% dos equipos antigos.

CATEGORÍAS DE RECURSOS	ACTUALIZADOS/NOVOS	ANTIGOS/DESFASADOS	TOTAL
Aulas Digitalizadas	0	11	11
Postos de Traballo	4	7	11
Biblioteca	1	1	2
Equipos profesorado	1	8	9
Proxectos	3		3
Almacenados (valor 0)		11	11
TOTAL	9	38	47

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": A1. Estratexia Dixital.						
OBXECTIVO 1 (1):	A1 - Xestión, seguimento e avaliación do plan dixital de centro (PDC)				Acadado	
RESPONSABLE:	A Dirección e o Coordinador do PDC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O centro conta cun PDC no mes de Setembro e con indicadores que permitan avalialo por trimestre e ao remate do curso. O centro conta cun equipo responsable da súa dinamización.					
Valor de partida (3)	O centro conta cun PDC, aprobado en Xuño 2022, con instrumentos de avaliación non utilizados e con un equipo responsable da súa dinamización.					
Valor previsto e data (4)	Se realizaron un mínimo de tres avaliacións (unha por trimestre) e se conta, como mínimo, cunha proposta de mellora.			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Reunión do claustro para a constitución do EPD	Secretaría	01/09/22	Convocatoria de claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Motivar ao profesorado a colaborar na xestión e seguimento do PDC	A Dirección/XE	01/09/22	Horas de coordinación e/ou dinamización.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Utilizar os instrumentos que faciliten o seguimento e/ou avaliación dos obxectivos establecidos no PDC	Coordinador do PDC	Xuño de 2023	Instrumentos de avaliación/seguimento (Rúbricas, escalas, cuestionarios, ...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Liderado: C. Infraestrutura e Equipos.						
OBXECTIVO 2: (1)	C1 – Actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais do centro				Acadado	
Responsable:	O Equipo directivo e o Coordinador do PDC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Cantidade de dispositivos actualizados e/ou renovados					
Valor de partida: (3)	Tan só o 15,7% dos equipos teñen menos de 5 anos e o 19,15% está actualizado.					
Valor previsto e data: (4)	Máis do 50% dos equipos actualizados e/ou renovados.			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1:Reorganizar horarios, con dispoñibilidade suficiente, para avaliar o estado dos equipos e actualizalos	Xefatura. Inspección	Setembro	Persoa coordinadora.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2:Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital.	Persoa coordinadora.	Nadal 2022	Persoa coordinadora. O EPD. Parte de incidencias do estado dos equipos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3:Actualizar e renovar equipos dixitais.	Coordinador do PDC e Equipo Directivo	Xuño de 2023	Partes de incidencias, o EPD e o Coordinador do Plan. Empresa externa de informática.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Analizar e xestionar a	Equipo Directivo	Xuño de 2023	EPD, Claustro e Consello Escolar.		Realizada	

participación, de selo caso, nos diversos programas de innovación coas TICs.					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: F. Implementación na aula.

OBXECTIVO 3: (1)	<i>F1.- Utilizar as TIC para adaptar o método de ensinanza ás necesidades individuais.</i>				Acadado	
Responsable:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	% do profesorado que nos últimos dous anos recibiu formación relacionada co apoio das TICs á metodoloxía na atención do ACNEAE máis % do profesorado que afirma (por medio dunha enquisa) que utiliza con frecuencia as TICs para adaptar o método de ensinanza ás necesidades do seu alumnado.					
Valor de partida: (3)	% do profesorado que nos últimos dous anos recibiu formación relacionada co apoio das TICs á metodoloxía na atención do ACNEAE máis % do profesorado que afirma (por medio dunha enquisa) que utiliza con frecuencia as TICs para adaptar o método de ensinanza ás necesidades do seu alumnado.					
Valor previsto e data: (4)	<i>Máis do 50% do profesorado utiliza as TIC para adaptar o seu método de ensinanza ás necesidades individuais.</i>					

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1:Creación dun foro presencial para compartir métodos de ensinanza.	Coordinador	Outubro	Unha hora cada mes Sala de mestres.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2:Creación dun espazo na AV para compartir recursos.	Coordinador TIC	Setembro	Aula Virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO3.3: Formación en Metodoloxías de ensinanzas co ACNEAE (motóricos e tea)	<i>Equipo Directivo</i>	<i>Xuño do 2023</i>	<i>CAFI</i>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Crear unha enquisa que permita coñecer en que porcentaxe as TIC están detrás da metodoloxía na ensinanza.	<i>EPD</i>	<i>Xuño do 2023</i>	<i>Correo electrónico</i>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Neste apartado utilizaremos unha avaliación procesual e outra final.

Avaliación Procesual:

Como procedemento de seguimento do plan e de avaliación dos obxectivos nel establecidos utilizaremos a seguinte táboa:

TEMPORALIZACIÓN/DATA DE REVISIÓN	ACCIÓN	PROCEDEMENTO	ANÁLISE DO RESULTADO*	PROPOSTA DE MELLORA/MODIFICACIÓNS*
01/09/22	A01.1	Reunión do Claustro para constituír o EPD	Sí houbo reunión e contamos con EPD, Non contamos con EPD, outras opcións.	Antes/ Despois outras opcións.
01/09/22	A01.2	Motivar ao profesorado para participar no PDC	Motivado (temos ao menos un profesor por nivel) Non Motivado. Outras.	
Xuño do 23	A01.3	Cóbreense os outros apartados desta táboa e algunha proposta de mellora	Se segue e avalía o PDC Non se segue, Outras.	
Setembro do 22	A02.1	Reorganizáronse os horarios para poder avaliar os equipos dixitais.	Sí. Non. Outra	
Nadal do 22	A02.2	Inventariar e avaliar o Equipamento Dixital.	Avaliouse todo o equipo dixital do centro. Non se avaliou. Outro	
Xuño do 23	A02.3	Actualizar e renovar os equipos.	>50% equipos actualizados e/ou renovados. <50% . Outros	
Xuño do 23	A02.4	Participar en programas que aportan recursos ó centro	Sí. Non. Outros	
Outubro do 22	A03.1	Crear un foro para compartir métodos de ensinanza.	Sí, unha vez ó mes. Non. Outros	
Setembro do 22	A03.2	Espazo na AV para recursos relacionados ca metodoloxía.	Sí hai un espazo na AV Non hai espazo na AV	

			<i>Outros.</i>	
<i>Xuño do 23</i>	<i>AO3.3</i>	<i>Formación en Metodoloxías de ensinanza ACNEAE</i>	<i>% que permite afirmar que o 50% do profesorado sí está formado en Metodoloxías. Non se acada o 50% Outras.</i>	
<i>Xuño do 23</i>	<i>AO3.4</i>	<i>Enquisa sobre o aporte das TICs á metodoloxía</i>	<i>Xunto co anterior valor se acada máis do 50%. Non se acada</i>	

*Rodéase a opción adecuada ou escríbese o número (de pé de páxina correspondente) para propostas máis longas, propostas que se redactan nas filas en branco do final do recadro.

Avaliación final:

Data: Xuño do 2023.

Lográronse todos os obxectivos propostos: Sí, Non (Nas valoracións numéricas engadir o valor).

*Despois do análise dos indicadores elaborárase un informe de avaliación no que se recolle os resultados, as **propostas de mellora** e os erros atopados e/ou modificacións.*

5. Difusión do plan

A estratexia que utilizaremos para publicitar e difundir o plan dixital de centro será a seguinte:

<i>ACCIÓN</i>	<i>VÍA/CANAL</i>	<i>RESPONSABLE/ES</i>	<i>DESTINATARIOS</i>
<i>Presentación e reunión</i>	<i>No Equipo TIC e na CCP</i>	<i>Coordinador TIC</i>	<i>Todo o Clautro (1º nivel de difusión)</i>
<i>Inclusión do PDC no PEC ou noutros documentos e difusión na páxina web do centro</i>	<i>Incorporación en documentos que aproba o Consello. páxina web do centro</i>	<i>Equipo Directivo.</i>	<i>A comunidade educativa.</i>